



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN

Non constando a existencia, debidamente formado e actualizado, dun Inventario de todos os bens e dereitos que pertencen á Corporación Local, é preciso acometer esta labor, xa que é unha obriga do Concello a de inventariar todos os bens e dereitos das Entidades Locais.

Como realizar un Inventario de todos os bens (inmóbiles, móbiles, semoventes, etcétera) é unha tarefa ardua e complexa, vaise abordar neste primeiro momento, a aprobación do Inventario de Vías e Bens Inmóbiles Municipais; para nun momento posterior, poder aprobar o Inventario de todos os bens.

Con rexistro de entrada 202499900000755 do 20/12/2024 a empresa encargada da súa elaboración achega o documento denominado INVENTARIO DE VÍAS E BENS INMOBLES DO CONCELLO DE LOUSAME.

O día 30/01/2025 o Arquitecto Municipal, que colaborou estreitamente na busca e datos para a formación do documento emite informe no seguinte senso: *“Tras a análise realizada, conséntase que o documento reflicte, en termos xerais, a realidade patrimonial do Concello, elaborado conforme á información dispoñible no momento da súa redacción. Porén, dada a natureza do proceso e a magnitude do conxunto de bens inventariados, é previsible que, no transcurso da fase de exposición pública, poidan identificarse elementos susceptibles de axuste ou actualización”*.

De conformidade co disposto no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e artigo 17 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais,

DISPOÑO:

Primeiro: Incoar formalmente expediente para formación do INVENTARIO DE VÍAS E BENS INMOBLES DO CONCELLO DE LOUSAME.

Segundo: Emítanse os informes que sexan preceptivos e convenientes para proceder á súa aprobación.

Terceiro: Unha vez instruído o expediente, sométase ao órgano competente para a súa aprobación.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais